

PROGRAMA DESENVOLVIMENTO ESTRATÉXICO

2023/2026

Escola Universitaria CEU de Maxisterio



CEU

*Escuela Universitaria
de Magisterio*

UniversidadeVigo

ÍNDICE

1. Presentación.....	3
2. Participantes	4
3. Historia	5
4. Diagnose da situación actual do centro	6
5. Misión e visión da E.U. CEU de Maxisterio de Vigo.....	7
6. Liñas estratéxicas e obxectivos de calidade.....	8

1. Presentación

A comunidade que conforma a Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo, composta por alumnado, persoal de administración e servizos e profesorado manifesta o seu compromiso coa calidade, a excelencia e a mellora continua do centro con relación aos seus programas formativos e dependencias, sen esquecer a súa función referencial dentro da sociedade actual. Con todo, para que ese compromiso non sexa algo estéril e baleiro, cómpre outorgarlle unha planificación, unha secuenciación no tempo e uns elementos de control que permitan avaliar ata que punto a Escola se aproxima ás metas establecidas.

Por iso, partindo dos eixos estratégicos e os obxectivos establecidos pola Universidade de Vigo e ao seu abeiro, expóñense a continuación as liñas estratégicas da Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo, os obxectivos que guiarán o noso percorrido en cada un dos cursos que abrangue o PDE, así como os indicadores e medidas que servirán de ferramentas para verificar os progresos realizados. O PDE que se presenta comprende un período de 4 anos naturais (2023-2026); non obstante, para a concreción dos indicadores e medidas asociados a cada liña estratégica, teranse en conta datos anuais, así como datos cuxa referencia teña en conta o curso académico.

Como garantía para o desenvolvemento da política de calidade establecida no noso centro e para formalizar o seu compromiso coa excelencia e a mellora, a Xunta de Centro, reunida o 29 de xuño de 2023, acorda establecer os seguintes obxectivos e metas de calidade.

2. Participantes

Ayuso Manso, M ^a Jesús	Directora
Fragueiro Barreiro, M ^a Sandra	Subdirectora Coordinadora do Traballo Fin de Grao
Álvarez Ledo, Sandra T.	Secretaria do Centro Coordinadora de Mobilidade
Caíño Carballo, Ana	Coordinadora de Calidade
Criado del Rey Morante, Julia	Coordinadora Grao Educación Infantil
Piñero Sampayo, M ^a Fernanda	Coordinadora Grao Educación Primaria
Muñoz Prieto, M ^a Mar	Coordinadora do Prácticum
Álvarez Lago, Susana	Coordinadora do Plan de Acción Titorial Coordinadora de Antigos Alumnos
Rúa Fernández, Montserrat	Coordinadora de Igualdade
Nerga Menduña, Xosé Uxío	Coordinador de Pastoral
Santos Hermo, Alberto	Coordinador de Voluntariado
Holgado Pena, José Luis	Coordinador Web e Marketing
Ramos Garrido, Paula	Coordinadora ANEAE
Peláez Torres, Marta	
Rodríguez Lorenzo, María del Carmen	PDI colaborador
Varela Iglesias, Miriam	

3. Historia

A Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo é un centro cuxa titularidade ostenta a Fundación Universitaria San Pablo CEU, unha institución educativa sen ánimo de lucro. Ten a súa orixe na Escola de Maxisterio de Vigo, creada co nome de Escola Normal por Decreto do Bispo da diocese de Tui-Vigo, con data 15 de outubro de 1956, de conformidade coa Lei de Educación Primaria do 17 de xullo de 1945. En 1972, concédeselle a autorización para impartir o Plan Experimental de Estudos (BOE 7 novembro 1972) sendo denominada Escola María Sedes Sapientiae. Regulada polo Decreto 2293/1973 do 17 de agosto (BOE 11 setembro 1973) convértese en escola universitaria adscrita á Universidade de Santiago. No curso 1974/1975 trasládase aos locais do Seminario Maior ‘San José’ de Vigo, a súa sede actual, por cesión do entón bispo da diocese: Excmo. E Rvdmo. D. José Delicado Baeza.

Por Real Decreto 1625/1978 do 2 de maio (BOE do 8 de xullo) transfórmase en Escola Universitaria de Profesorado de Educación Xeral Básica. Por Decreto 192/1993, do 29 de xullo, axústanse as titulacións impartidas no Sistema Universitario de Galicia e, posteriormente, polo Real Decreto 595/1994, do 8 de abril homológase o Título de Mestre, especialidades de Educación Infantil e Educación Primaria da Escola Universitaria de Profesorado de Educación Xeral Básica «María Sedes Sapientiae» de Vigo adscrita á Universidade de Vigo.

No ano 2004, a Fundación Universitaria San Pablo CEU adquire a súa titularidade a cal ostenta actualmente. Regrada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e de conformidade co Real Decreto 1393/2007, polo que se establece a ordenación dos Ensinos Universitarios Oficiais no curso 2010-2011 comezan os estudos de Grao en Educación Infantil e de Grao en Educación Primaria.

En resumo, pode dicirse que a Escola soubo evolucionar e adaptarse a distintas situacións. Proba disto é que durante máis de 60 anos formou e continúa a formar a xeracións de mestres e mestras e un referente na contorna da cidade de Vigo.

4. Diagnose da situación actual do centro

Debilidades

1. Espazos físicos moi limitados que condicionan ás veces o desenvolvemento das actividades académicas.
2. Marco regulatorio ríxido que impide o crecemento da Escola no tocante á súa oferta educativa e ao recoñecemento da traxectoria investigadora do PDI.
3. A conexión entre Universidade e Escola.

Fortalezas

1. Boa demanda de matrícula nos graos que se imparten na Escola.
2. Bo equipamento tecnolóxico que posibilita unha actividade docente e investigadora de calidade.
3. Equipo docente e persoal de administración e servizos cunha vinculación estable e cun bo grao de valoración.
4. Vinculación cun amplo número de centros educativos de Galicia e fóra de Galicia nos que o alumnado realiza as súas prácticas.

Ameazas

1. Descenso demográfico importante na vindeira década.
2. Alto nivel de incerteza no eido macroeconómico como factor que pode influír á hora de elixir a educación.
3. Excesiva burocratización do ensino que pode afectar ao labor docente.

Oportunidades

1. Actualización e ampliación da nosa oferta educativa.
2. Fornecemento da relación cos centros educativos para mellorar a empregabilidade do noso alumnado.
3. O alumno como centro e protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

5. Misión e Visión

Misión

A misión da Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo é ter un impacto positivo na sociedade mediante a divulgación dos valores do humanismo cristián a través da educación. A Escola procura formar a profesionais da educación cunha sólida base teórica e práctica, capaces de adaptarse de maneira autónoma, desde o legado duns valores sólidos, aos cambios sociais, culturais e tecnolóxicos en constante evolución, marcando a diferenza no desempeño da súa profesión.

Visión

A Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo é un centro privado e presencial no que se imparten formación de grao enfocados a formación de profesionais do ámbito educativo. Cun percorrido histórico neste eido de máis de 60 anos, o noso centro promove a excelencia, a igualdade, a pluralidade e a inclusión. Persegue este reto mediante unha ensinanza e investigación de calidade sempre aberta ás novas necesidades e tendencias en educación partindo sempre dos valores do humanismo cristián.

Pretendemos poñer ao alumnado no centro e deseñar e implementar o mellor servizo posible para maximizar a súa satisfacción e a súa empregabilidade. Pretendemos modernizar o noso modelo de ensinanza, contra co mellor talento (tanto no PDI como no PAS) para contar cunha organización e procesos eficientes e orientados ao servizo do alumnado desde todos os seus extremos.

A meta final da Escola e converterse, ao abeiro da marca CEU, institución académica de referencia en España, nun referente universitario da contorna promovendo unha cultura de mellora continua e unha aposta pola calidade nos seus programas educativos.

6. Liñas estratéxicas e obxectivos de Calidade

FORMACIÓN	OBXECTIVO 1 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO		
	Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna		
<i>Liña estratéxica do centro</i>			
Desenvolver actividades académicas e formativas ligadas as necesidades e expectativas da sociedade para consolidar niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo			
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>			
	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026
1. Realizar un seguimento continuo dos resultados académicos máis relevantes manténdoo baixo umbrais apropiados	DO-0102 DE-02 DE-03	Taxa de ocupación	100% en todas as titulacións
		Taxa de graduación	Infantil: >75%; Primaria: >70%
		Taxa de rendemento	>90% en todas as titulacións
		Taxa de preferencia	Infantil: >65%; Primaria: 75%
2. Traballar pola ampliación do número de mencións ofertadas en función das necesidades formativas de alumnado e conforme á demanda social	DO-0101	Nº de mencións solicitadas	Solicitar unha mención máis para a Escola
FORMACIÓN	OBXECTIVO 2 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO		
	Desenvolver programas formativos conxuntos con empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudiantado		
<i>Liña estratéxica do centro</i>			
Promover actividades académicas e formativas que melloren a empregabilidade do alumnado e a conexión coa sociedade			
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>			
	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026
3. Reforzar e fomentar as prácticas externas para mellorar o desenvolvemento das competencias transversais	DO-0204 DE-02 DE-03	Índice de satisfacción coas prácticas curriculares e extracurriculares	>3.5 puntos
		Índice de satisfacción das persoas empregadoras	> 3.5 puntos
4. Fomentar a participación das institucións educativas da contorna nas actividades formativas do alumnado	DO-0201	Nº de profesionais do ámbito educativo invitado	3 charlas ou conferencias por curso

FORMACIÓN			
OBXECTIVO 4 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO			
Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado			
<i>Liña estratéxica do centro</i>			
Fomentar a calidade na actividade docente e na avaliación do estudiantado			
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>			
5. Elaborar un plan de formación que mellore e desenvolva as competencias transversais do profesorado	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026
	PE-02	Nº de accións formativas desenvolvidas nun curso académico	Dúas accións por curso académico
		Persoas matriculadas e porcentaxe de profesorado formado neses cursos	60% do profesorado
FORMACIÓN			
OBXECTIVO 5 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO			
Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.			
<i>Liña estratéxica do centro</i>			
Impulsar unha formación académica adaptada á internacionalización e multiculturalidade			
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>			
6. Impulsar a mellora do nivel de idiomas da comunidade universitaria empregando os recursos da UVigo e da FUSP CEU	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026
	PE-01 PE-02 DO-0201	Nº de accións formativas /charlas desenvolvidas nun curso académico	Dúas accións por curso
		Nº de persoas matriculadas en cursos de idiomas	Que o 100% do alumnado que se matricule nos cursos de idiomas se presenten aos exames de certificación
Nº de persoas presentadas aos exames de certificación			
7. Traducir a páxina web tanto ao galego coma ao inglés	DO-0206	Nº de linguas nas que se presenta a páxina web do centro	Lograr a tradución cando menos a lingua galega

INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA		OBXECTIVO 15 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO		
Fortalecer as estruturas de apoio á investigación				
<i>Liña estratéxica do centro</i>				
Fomentar a excelencia na investigación e na transferencia				
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>				
	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026	
8. Mellorar a formación do PDI no ámbito da investigación	PE-02	Nº de iniciativas de formación e persoas que asisten	Unha formación por curso académico	
9. Establecer un plan de estimulación da actividade investigadora		Nº de profesores con título de doutoramento e acreditación	Acadar o 42% de profesores acreditados e o 65% con doutoramento	
10. Facilitar a accesibilidade do PDI a programas de doutoramento ofertados por centros de investigación de recoñecido prestixio		Axudas para a formación investigadora (cursos de doutoramento, asistencia a congresos, etc.)	Responder ao 100% das solicitudes	
11. Incluír o PDI do centro en proxectos precompetitivos e competitivos desenvolvidos noutras universidades ou centros de investigación		Índice de profesorado con vinculación a grupos ou proxectos de investigación	30% do profesorado da Escola	
INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA		OBXECTIVO 21 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO		
Potenciar e promover a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados				
<i>Liña estratéxica do centro</i>				
Divulgar os resultados da actividade investigadora para que sexan máis accesibles á comunidade universitaria e á sociedade				
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>				
	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026	
12. Difundir dentro da propia institución e da comunidade universitaria a actividade investigadora do PDI	DO-0206	Nº de publicacións na páxina web do centro relacionadas coa actividade investigadora do PDI	Dar visibilidade a toda actividade investigadora do PDI	

PERSOAS			
OBXECTIVO 24 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO			
Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria			
<i>Liña estratéxica do centro</i>			
Mellorar o desenvolvemento persoal e profesional de todos os membros da comunidade universitaria			
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>			
	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026
13. Desenvolver itinerarios formativos orientados á cualificación profesional do PDI e do PAS e ao desenvolvemento da súa carreira profesional	PE-01 PE-02	Nº de accións formativas desenvolvidas nun curso académico	Plan de formación para PAS e PDI 2 accións formativas por curso 75% de participación
		Persoas matriculadas e porcentaxe formada neses cursos	
14. Acadar e manter un bo grao de satisfacción nos distintos grupos de interese	MC-05	Satisfacción alumnado	> 3 puntos
		Satisfacción egresados	> 3 puntos
		Satisfacción PDI	> 3,3 puntos
		Satisfacción PAS	> 3,5 puntos
		Satisfacción entidades empregadoras	> 3 puntos
PERSOAS			
OBXECTIVO 27 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO			
Definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade			
<i>Liña estratéxica do centro</i>			
Desenvolver unha política de responsabilidade social que inclúa un plan integrado de atención á diversidade, igualdade e ao voluntariado			
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>			
	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026
15. Elaborar un plan integral de atención á diversidade que garanta a igualdade de oportunidades dentro da comunidade	DO-0203	Plan de atención á diversidade	Atender o 100% das solicitudes
		Rexistro do alumnado con ANEAE Nº de protocolos/medidas adoptadas	
16. Redactar un plan de igualdade adaptado ao centro	DO-0202	Plan de igualdade do centro	Un plan de igualdade propio do centro
17. Impulsar accións académicas que apoiem a igualdade	DO-0206 DO-0202	Nº de iniciativas e actividades	Catro accións (premios, datas sinaladas, conferencias...)

			relacionadas coa igualdade por ano
18. Consolidar o programa de voluntariado, visibilizar e promocionar as actividades do programa de voluntariado dentro da comunidade universitaria	DO-0206 DO-0202	Accións de voluntariado levadas a cabo. Nº de persoas que participan nas accións de voluntariado	Programa de voluntariado

ORGANIZACIÓN E RECURSOS	OBXECTIVO 11 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias		
<i>Liña estratéxica do centro</i>			
Optimizar e mellorar as infraestruturas atendendo ao seu mantemento para garantir a seguridade, a accesibilidade e a sostibilidade			
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>			
19. Manter e renovar as infraestruturas e recursos TIC da Escola atendendo ás demandas da comunidade universitaria	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026
	DE-03 IA-01 MC-02	Queixas, suxestións e parabéns	Responder e atender o 100% das QSP
		Índice de satisfacción do PAS, do PDI e do alumnado coas infraestruturas	Unha puntuación superior ou igual a 3 puntos
ORGANIZACIÓN E RECURSOS	OBXECTIVO 13 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO Establecer un modelo de goberno e de xestión da universidade baseado na transparencia, no comportamento ético e de seguimento da actividade universitaria		
<i>Liña estratéxica do centro</i>			
Artellar mecanismos para garantir a transparencia, o bo goberno, o comportamento ético e o seguimento da actividade universitaria			
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>			
20. Establecer mecanismos para controlar e garantir a transparencia e o bo goberno na actividade universitaria	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026
	DO-0202 DO-0206 MC-02	Número de queixas, de suxestión e de parabéns relacionados coa transparencia, co bo goberno e o comportamento ético dos membros da comunidade universitaria.	Responder e atender o 100% das QSP

RELACIÓN COA SOCIEDADE	OBXECTIVO 6 DO PLAN ESTRATÉXICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo		
<i>Liña estratéxica do centro</i>			
Definir campañas de promoción e comunicación para difundir a oferta académica da Escola co fin de captar novo alumnado e impulsar a imaxe da Escola na contorna			
<i>Obxectivos de calidade do centro</i>			
21. Artellar un plan de promoción co fin de fomentar a imaxe e o coñecemento da Escola na contorna social	Procedementos do SGC asociados	Indicadores	Meta curso 2025/2026
	DO-0202 DO-0206	Plan de promoción Nº de accións de difusión e divulgación das actividades da Escola. Nº de actividades de visualización de egresador e os seus logros	Plan de promoción da Escola Dúas charlas por curso con alumnado egresado



CEU

*Escuela Universitaria
de Magisterio*

Universida_{de}Vigo